



Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra
Departamento de Exportadores. Edificio da Lonxa– Porto de MARÍN, 36900 MARÍN (PONTEVEDRA)
CIF: G-36593606 Tfno. 886 21 30 15 gacpontevedra@gmail.com

Asunto. Solicitud de oferta económica e técnica

Procedemento de Contratación de Asistencia Técnica para xestión de redes sociais e comunicación on-line do GALP Ría de Pontevedra.

Importe máximo: 4.000 € + IVE.

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra foi recoñecido como entidade colaboradora pola Consellería do Mar para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014 – 2020.

O Grupo asinou un convenio coa Consellería do Mar en virtude do que, o Grupo deberá contribuír á dinamización da presentación de proxectos ás convocatorias anuais de axudas.

Por este motivo, o Grupo solicita a súa mellor oferta para a prestación dunha Asistencia Técnica para a xestión da comunicación on line do GALP Ría de Pontevedra.

Información básica sobre a presenza on line do GALP Ría de Pontevedra.

O GALP Ría de Pontevedra conta coa seguinte presenza on line:

- páxina web propia na que colga información sobre a súa actividade: galpriadepontevedra.org.
- Ademais colga a información tamén na web que a Consellería do Mar ten habilitada para os GALPs de Galicia galp.xunta.gal.
- E a plataforma de comercialización conxunta das lonxas da Ría de Pontevedra pescadoartesanal.com
- En canto a redes sociais, o GALP Ría de Pontevedra xestiona unha conta de facebook ao seu nome (perfil e páxina) e un canal de youtube.
- Tamén teñen redes sociais asociadas o proxecto pescado artesanal (facebook, twitter e instagram, linkedin).

Deberá terse en conta que unha parte importante da labor do GALP é servir como nexo de unión entre as asociacións que a conforman non soamente para o desenvolvemento de accións conxuntas senón para poñer en común as actividades que realizan todas elas.





Departamento de Exportadores. Lonxa de Marín – Porto de MARÍN
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)

CIF: G-36593606

Tfno. 886 21 30 15



Documentación a presentar coa oferta:

Na oferta deberá incluírse:

- Oferta técnica e económica coa descrición das actuacións a realizar que deberán incluír:
 - Estratexia de contidos web e redes sociais
 - proposta técnica de vinculación de contidos en web e redes sociais.
 - Número de publicacións e distribución temporal e en medios.
- Anexo á contratación segundo modelos remitido polo GALP.
- Acreditación de estar en disposición de contratar de acordo coas condicións establecidas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para contratar co Sector Público.

Criterios de adxudicación.

O contrato adxudicarase a oferta máis vantaxosa economicamente dentro das que cumpran coas especificacións técnicas e económicas, seguindo as seguintes puntuacións:

- 60 % - á oferta máis económica e proporcionalmente as restantes seguindo a seguinte fórmula:

$$P = 60 * (\text{OFERTA MENOR}) / \text{IMPORTE OFERTA}$$

- 40 % MELLORAS NA COMUNICACIÓN WEB. Valorarase a inclusión de melloras como a xeración de newsletter periódico ou a integración dun ámbito específico para a comunicación de eventos entre entidades do territorio.

Marín, 2 de xullo de 2019

Asdo. Laura Nieto Zas

